

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A FUNDACIÓN CELTA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS SOCIAIS A TRAVÉS DO DEPORTE

En Pontevedra, na data da sinatura dixital

Reunidos,

Luisa María Sánchez Méndez, Vicepresidenta Segunda da Deputación de Pontevedra, en virtude das atribucións conferidas pola Presidencia, de acordo coa resolución presidencial nº2026001240 de 16 de febreiro de 2026.

Maria de los Ángeles Mouriño Terrazo, presidenta da Fundación Celta de Vigo, na súa representación e no exercicio das facultades atribuídas ao efecto pola Lei 50/2002, de 26 de decembro, de fundacións, e polos seus estatutos.

Dando fe do acto, Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas,



## EXPOÑEN

**Primeiro.** Que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común, tal e como establece o artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**Segundo.** Que de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que dispón no seu artigo 36. D) que as competencias propias das Deputacións serán as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

**Terceiro.** Que entre os obxectivos que inclúe a lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 7, as deputacións provinciais, nos termos que dispón esta lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

- Fomentar, promover e difundir o deporte.
- Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada destas.
- Calquera outra actuación que vaia en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

**Cuarto.** Que a Lei 50/2002 de 26 de decembro, de fundacións, indica no seu artigo 3, que as fundacións deberán perseguir fins de interese xeral, como poden ser, asistencia social e inclusión social, cívicos, educativos, culturais, deportivos (...), por outra banda, a Lei do Deporte de Galicia, no seu artigo 40, define as entidades deportivas e dispón que o obxecto primordial, é o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así



como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario. Mentres que o artigo 29 sinala, que as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán alternativas e medios para a práctica da actividade física que leven a cabo as persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/o a ocupación activa do tempo de lecer.

**Quinto.** Que a Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra dispón no seu artigo 22.2 que as subvencións poderanse conceder de forma directa cando estean consignadas con carácter nominativo no orzamento.

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de decembro de 2025, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026.

As bases de execución do orzamento da Deputación Provincial no seu anexo II contén as subvencións nominativas por servizos para o ano 2026, na que inclúe para o servizo de Deportes a subvención nominativa á Fundación Celta de Vigo con CIF G36810042 como beneficiario e por importe de 89.000,00 €.

**Sexto.** Debe terse en conta que os actos de concesión de subvencións (acordo, resolución ou convenio) terán o carácter de bases reguladoras e deben incluír, como mínimo, os extremos recollidos no artigo 15.6 da OXSDEPPO.

**Sétimo.** Emitido informe do servizo de Deportes como órgano instrutor, no que se acredita que o expediente de petición de subvención que se achega a continuación, reúne os requisitos establecidos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e informado favorablemente pola intervención a fiscalización previa á concesión da subvención.

**Oitavo.** Deste xeito, e a fin de cumprir as dúas entidades cos seus fins e obxectivos e así garantir o acceso en igualdade á practica deportiva de alto nivel a poboación da provincia de Pontevedra,



## ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Fundación Celta de Vigo ca finalidade de desenvolver proxectos de carácter social a través do deporte (en diante aparecerá denominado como "convenio") con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto regular a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento 2026 da Deputación de Pontevedra á Fundación Celta de Vigo.

O convenio ten a finalidade de colaborar co financiamento para desenvolver proxectos de carácter social no deporte, dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

### Segunda. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial comprométese a:

- Aprobar e comprometer o gasto da subvención prevista nominativamente nos orzamentos de 2026 da Deputación de Pontevedra á Fundación Celta de Vigo (G36810042) e abonar o importe de 89.000,00 €, condicionado o cumprimento dos termos establecidos no presente convenio.
- Tramitar, resolver e notificar o convenio nos termos establecidos no mesmo.

### Terceira. Obrigas da Fundación Celta de Vigo

A Fundación Celta de Vigo comprométese a:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria achegada con CSV: MZGKXXY31TF7XE2X, e na que se especifican a realización das seguintes accións ou actividades:
  - Formación e crecemento persoal: O programa incluírá varias accións formativas orientadas ao desenrolo de competencias útiles tanto dentro como fora do campo, como son curso de primeiros auxilios, xornadas de concienciación



- medioambiental, adestramento no estadio Abanca Balaídos, sesións sobre inclusión laboral...
- Competición e logros deportivos: Participación do Celta integra na Liga galega de fútbol adaptado nas modalidades de fútbol sala e baloncesto, así como presenza destacada na Liga Genuine.
  - Actividades sociais e comunitarias: Participación como voluntarios no campus de verán do RC Celta, colaboración como recolle balóns en partidos oficiais, actividade de voluntariado nunha protectora de animais.
  - Iniciar unha escola de fútbol no Centro Príncipe Felipe de Pontevedra, na que a Fundación Celta de Vigo será a encargada de xestionar e tramitar os permisos, autorizacións e seguros necesarios de conformidade coa normativa vixente, así como cumprir o establecido en materia laboral, seguridade social, prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente incluíndo o establecido na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia.
- Xustificar ante o órgano concédente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
  - Cumprir coas medidas de publicidade e difusión nos termos regulamentariamente establecidos na cláusula oitava do convenio.
  - Estar ao corrente no momento da concesión e da xustificación das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, e non ter obrigas ou incumprimentos pendentes, de calquera tipo e non só económicos, coa institución provincial, no caso de non estar ao corrente no cumprimento das obrigas anteriormente citadas no momento da comprobación, notificárase á entidade para que emende e xustifique que ten regularizada a súa situación. De non achegar a xustificación quedará excluída e non poderán obter a condición de beneficiaria.
  - Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



- Comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Cumprir co disposto no art. 43 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, deberá levar os libros contables susceptibles de xustificar a exactitude dos resultados das operacións económicas realizadas e que reflectan a imaxe fiel da súa actividade económica. As contas deberán presentarse adaptadas a temporada deportiva, cando a mesma non coincida co ano natural, sendo causa de reintegro a non presentación das mesmas.
- Cumprir cos demais supostos previstos nesta convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da Lei de subvencións 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións (LXS).

#### **Cuarta. Crédito orzamentario, orzamento, contía e coeficiente de financiación.**

A concesión da subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 26/340.3410.489.02.

O importe da subvención ten unha contía de 89.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 65,05 % sobre o orzamento detallado do proxecto obxecto da subvención presentado pola entidade por importe de 136.811,27€ incluído o IVE e que se achega no anexo II.

Orzamento	Subvención concedida	Coeficiente de financiación
136.811,27€	89.000,00€	65,05 %



#### **Quinta. Compatibilidade e incompatibilidade**

A subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado. Conforme ao disposto no art. 19.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral subvencións, e no art. 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia que indica que, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, en illamento ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada”.

A subvención será incompatible con calquera subvención para a mesma persoa beneficiaria e a mesma finalidade, con cargo a créditos desta Deputación e os seus organismos dependentes, en especial, coas convocatorias de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra de ámbito inferior ao estatal, estatal e náutico para o ano 2026 da Deputación de Pontevedra.

#### **Sexta. Notificación electrónica**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **Sétima. Procedemento de xustificación e pago**

A entidade beneficiaria da subvención deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. O prazo de presentación das xustificacións finalizará o 28 de febreiro de 2027.

As entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Para a xustificación as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación:

- **Anexo II. Conta xustificativa de gastos e ingresos**

Na xustificación de gastos, relacionaranse os conceptos de gastos presentados no anexo II coa solicitude por un importe igual ou superior ao orzamento presentado.

- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao orzamento presentado coa solicitude, aboarase a parte proporcional da subvención.



- No caso de necesitar relacionar máis gastos utilizarase o documento de continuación da conta xustificativa (Anexo III).

Na xustificación de ingresos, relacionaranse as axudas concedidas por outros organismos públicos para a finalidade subvencionada e declararase, que o importe das subvencións concedidas por outros organismos públicos e os fondos propios ou privados para a actividade/investimento subvencionado non superaron o importe total dos gastos para dita actividade. No caso de superávit, será motivo de reintegro, co límite da subvención concedida pola Deputación Provincial de Pontevedra.

- **Facturas ou documentos análogos** con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida.
- **Memoria gráfica.** Memoria na que se xustifiquen as medidas de publicidade e difusión da subvención especificadas na cláusula oitava, por medio de fotografías que mostren de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas.
  - No caso de que a entidade non xustificase correctamente as medidas de publicidade e difusión, o servizo de deportes poderá establecer unha dedución máxima de ata o 15 % sobre o importe da subvención. Para a imposición destas deducións non fará falta tramitar un procedemento especial distinto ao da xustificación da subvención, facéndose o pago da subvención descontando o importe da dedución do importe concedido.

Outras normas que se deben ter en conta na xustificación:

- Os gastos presentados na conta xustificativa deben estar pagados ás súas respectivas provedoras e provedores antes de presentar a xustificación da subvención. No caso de que a entidade non dispoña de fondos nese momento, terá un prazo máximo dun (1) mes desde que perciba a subvención para efectuar eses pagos. Se posteriormente, mediante control financeiro, se comprobase que algún dos gastos non se pagou ou se fixo fóra de prazo, este deixará de ser subvencionable.
- As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deben empregar, con carácter xeral, formas de pago a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que queden identificados a ou o beneficiario, o



importe e a data de pago (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderá empregarse o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable.

- En caso de entidades que non teñan contabilidade, os gastos que non se paguen mediante unha entidade financeira non se considerarán subvencionables.
- Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado nestas bases ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requirirá que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que renuncia á subvención, e ditarase a resolución de perda do dereito ao cobro, que será notificada á entidade beneficiaria.

O pago da subvención efectuarase unha vez aprobada a xustificación. Dito pago realizarase mediante transferencia bancaria a conta indicada na solicitude.

Para cobrar a subvención as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda galega, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

#### **Oitava. Medidas de publicidade e difusión.**

As entidades beneficiarias destas axudas deberán levar a cabo as seguintes actuacións en materia de difusión ou publicidade:

- **Publicación do acordo.** Deberase publicar o acordo no espazo dixital da entidade (WEB e redes sociais). O incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 2% da subvención concedida.
- **Pancartas publicitarias.** Incorporar un mínimo de 2 pancartas coa imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra na instalación onde adestra o Celta Integra nas instalacións de A Madroa. O incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 5% da subvención concedida.



- **Pantalón oficial do equipo.** Incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra nunha zona claramente visible, na parte dianteira do pantalón de xogo do Celta Integra Zelnova, o incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 5% da subvención concedida.
- **Acto de presentación da Escola de fútbol no centro Príncipe Felipe.** Realizar un acto de presentación oficial, o incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 2% da subvención concedida.
- **Roupa de adestramento da Escola de fútbol no centro Príncipe Felipe.** Incorporar a imaxe corporativa da Deputación de Pontevedra nunha zona claramente visible das equipacións de adestramento, o incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 5% da subvención concedida.
- **Visita oficial.** Realizar unha visita oficial da Vicepresidenta Segunda da Deputación de Pontevedra cos integrantes do Celta Integra Zelnova, que deberá publicarse no espazo dixital da Fundación Celta de Vigo. O incumprimento podería implicar unha dedución de ata o 2% da subvención concedida.
- **Outros medidas ou soportes publicitarios.**
  - Carteis oficiais. Deberase incorporar a imaxe corporativa da Deputación nun lugar visible e de forma proporcional ao resto de administracións de ser o caso, tanto en tamaño coma en cantidade.
  - Paneis traseiros para eventos ou actos da entidade, coma roldas de prensa, presentacións, comunicacións ou premios. Todas as entidades que leven a cabo ditas accións, deberán incluír a imaxe corporativa da Deputación nun lugar visible e de forma proporcional ao resto de administracións, tanto en tamaño coma en cantidade.
  - Espazo dixital da entidade (páxinas web e redes sociais). Todas as entidades que leven a cabo ditas accións, deberán incorporar a imaxe corporativa da Deputación nas cabeceiras ou nos apartados de colaboradores ou patrocinadores das entidades. Nas redes sociais será obrigatorio aparecer nas cabeceiras ou fotos de perfil. As entidades deberán nomear a Deputación sempre que se etiquete o resto de entidades ou administracións colaboradoras.



- O incumprimento destes apartados podería implicar unha dedución de ata o 5 % da subvención concedida.

Todos os gastos derivados da produción dos elementos publicitarios mencionados correrán a cargo da entidade subvencionada, que se compromete a actualizar todos estes soportes publicitarios antes de presentar a xustificación.

A Deputación de Pontevedra, en todo caso, poñerá á disposición das entidades subvencionadas os logotipos oficiais da imaxe corporativa en [www.depo.gal](http://www.depo.gal) (área de descargas).

Se non se puidese incluír a imaxe da Deputación de Pontevedra nos termos establecidos, deberase xustificar adecuadamente e propoñer unha alternativa, que requirirá a conformidade do servizo de Deportes e non conlevará ningunha dedución.

As entidades solicitantes deberán ter en conta estas medidas de difusión á hora de deseñar novos equipamentos ou calquera outra actuación.

#### **Novena. Entrada en vigor e vixencia do convenio**

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e terá vixencia ata o 28 de febreiro de 2027, data na que termina o período para presentar as xustificacións. En calquera caso os efectos económicos do convenio estarán vixentes ata a aprobación do procedemento de xustificación da subvención e do control financeiro.

#### **Décima. Extinción e efectos da resolución dos convenios**

O presente acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015. En particular resolverase polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

#### **Décima primeira. Reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención**

As subvencións concedidas deberán ser reintegradas cando as causas sexan posteriores ao pagamento destas.



Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención, total ou parcial, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación de subvencións e, en concreto, nos seguintes supostos:

- Incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión da subvención.
- Incumprimento da obrigación de presentación de xustificación nos termos establecidos.
- Demais causas establecidas na normativa de subvencións.

### **Décima segunda. Control financeiro**

O beneficiario, de acordo co establecido no art. 31, apartados 5 e 6 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXSDEPPO) publicada no BOPPO núm. 249 de 30/12/2016, estará suxeito ó control financeiro que se poida exercitar, no prazo de catro anos a contar desde o pago da subvención, indicándolle que no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

O control financeiro fará referencia á totalidade de gastos e ingresos da actividade subvencionada, que deberá integrar a totalidade de gastos finais resultantes dos gastos subvencionables do anexo II presentado coa solicitude, así como, o resto de gastos que a entidade estime imputables á actividade (posibles gastos que non se reflicten no anexo II).

Esta contabilidade deberá estar reflectida nos libros contables coa totalidade de gastos e de ingresos, en caso de ser positiva, a entidade deberá reintegrar o importe resultante, conforme á lexislación vixente, que indica que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

### **Décima terceira. Remisión ao Tribunal de Contas**

As partes comprométense a remitir a documentación necesaria ao Tribunal de Contas en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos



celebrados polas entidades do sector público local, todo elo no prazo e na forma establecida ao efecto.

#### **Décima cuarta. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

#### **Décima quinta. Réxime xurídico e lexislación aplicable**

O presente Convenio ten natureza administrativa e rexerese polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do acordo, será de aplicación o disposto no propio acordo, e na súa falta, aplicarase a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ao disposto na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte e a Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.



As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos do presente acordo. En caso de non ser posible unha solución amigable, e resultar procedente litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver devanditas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En proba de conformidade asínase o presente convenio dixitalmente polas partes.



Anexo II



<b>GASTOS DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:</b>		122.137,90 €	14.673,37 €	136.811,27 €
		<b>B.I.</b>	<b>IVE</b>	<b>TOTAL</b>
<b>Gastos federativos:</b>		<b>14.216,00 €</b>	<b>2.100,00 €</b>	<b>16.316,00 €</b>
	Cuota inscripción Liga Genuine	10.000,00 €	2.100,00 €	12.100,00 €
	Cuota anual club	100,00 €		100,00 €
	Licencias Deportivas	1.920,00 €		1.920,00 €
	Licencias Técnicos	96,00 €	- €	96,00 €
	Seguros deportivos	1.600,00 €	- €	1.600,00 €
<b>Gastos de vestimenta deportiva:</b>		<b>26.140,00 €</b>	<b>5.489,40 €</b>	<b>31.629,40 €</b>
<b>Gastos desplazamientos:</b>		<b>35.876,03 €</b>	<b>7.083,97 €</b>	<b>42.960,00 €</b>
	Comidas	1.818,18 €	181,82 €	2.000,00 €
	Alojamiento	2.272,73 €	227,27 €	2.500,00 €
	Transportes	5.785,12 €	1.214,88 €	7.000,00 €
	Bus entrenamientos	26.000,00 €	5.460,00 €	31.460,00 €
<b>Gastos personal contratado:</b>		<b>45.905,87 €</b>	<b>- €</b>	<b>45.905,87 €</b>
	Personal Sueldos y Salarios	35.000,00 €		35.000,00 €
	Personal Seguridad Social	10.905,87 €		10.905,87 €
<b>INGRESOS DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:</b>				<b>136.811,27 €</b>
	DEPUTACION PONTEVEDRA			89.000,00 €
	APORTACIONES PRIVADAS			47.811,27 €

